

Diálogos coa lírica

Profunda eséxese

ROMÁN RAÑA

Interesante, excepcionalmente interesante é o libro de Manuel Forcadela (Tomiño, 1958) que agora comentamos, *Sete leccións de poesía*. O labor ensaístico do noso autor xa deu froitos de calidade numerosa, *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro na xénese da literatura galega de posguerra* (2005) ou o máis recente: *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro* (2009). A obra que agora nos preocupa contén no título o número sete que, segundo a Cábala, representa a cifra que rexe o universo; e a palabra lección, que aquí debe ser entendida no senso etimolóxico: lectura. Estamos, pois, ante sete lecturas de sete poemas da poesía galega do século XX. Sete textos que, como o seu étimo indica, mostran a textura que os constitúe e que Forcadela vai tecendo e destecendo, como a Penélope que estuda, para elaborar o seu propio texto, feito tamén con fíos doutros homes.

Con efecto, Manuel Forcadela vai tirando do fío comendo o seu propio tecido para urdir as súas hipóteses interpretativas acerca de “Encontro na fonte Gaia” de Xavier R. Baixeras, o “Monólogo do vello traballador” de Celso Emilio Ferreiro, “Na outra banda do mar” de Antón Avilés de Taramancos, “Eu son Edipo” de Álvaro Cunqueiro, “Penélope” de Xosé María Díaz Castro, “O retorno de Ulises” novamente do mindoniense, “Red rose, proud rose, sad rose” de Manuel Rivas.

E que urdime enfía o noso hermeneuta entre poemas tan disímiles? Pois, primeiro, asimílaos aos esquemas greimasianos para, despois, agregar fíos baktianos con ecos de Bourdieu e outros críticos de maior ou menor relevancia epistemolóxica. Unha veces o resultado sorprende pola novidosa interpretación; outras, pola pers-

picacia con que a análise se executa. Para quen isto escribe, as achegas máis fecundas son as vertidas sobre a peza de Cunqueiro, “O retorno de Ulises”, pois desvela, dun modo clarificador, os fíos con que o mindoniense elabora o tapiz tupido do seu propio

texto que, portanto, falaría de si propio, así como a abordaxe do poema de Rivas que fala da rosa orgullosa, vermella e triste de Yeats.

O texto é un territorio erudito, mais tamén un edificio misterioso que vai corrixindo o tempo, a sucesión de lectores, o noso propio asombro. No seu cauce variábel hai repeticións, intermitencias, divisas morais que van enriquecendo a nosa perspectiva. Estas sete leccións de poesía que nos propón Manuel Forcadela constitúen un profundo exercicio de eséxese empeñado en desvelar e revelar o fío que nos leva polo labirinto das palabras para desembocar nese outro extraño labirinto que é o coñecemento.

FORCADELA, Manuel, *Sete leccións de poesía*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP.12 €

